

Organiza

Consello da Cultura Galega
Centro Penitenciario A Lama
Secretaría General de Instituciones Penitenciarias. Ministerio del Interior

Lugar

Centro Penitenciario A Lama
Monte Racelos s/n, 36830
A Lama (Pontevedra)

Más información

www.consellodacultura.gal


Organiza:



Centro Penitenciario A Lama
A Lama, Pontevedra
Venres, 31 de xaneiro de 2020

Conmemoración do 200 aniversario
de Concepción Arenal

*Concepción Arenal, a
visitadora de cárceres
Proxección do filme e
coloquio*



CONCEPCIÓN ARENAL: ODIA O DELITO E COMPADUCE O DELINCUENTE

Concepción Arenal naceu o 31 de xaneiro de 1820, en Ferrol, e faleceu o 4 de febreiro de 1893, en Vigo, onde o seu panteón destaca na entrada do cemiterio de Pereiró. Durante o ano 2020 celebraremos os os douscentos anos do seu nacemento e o primeiro acto que lle dedicamos ten lugar no cárcere da Lama, compartindo coas persoas internas o conéxemento dunha figura que salienta por tentar mellorar os cárceres e dignificar as reclusas e reclusos. Foi unha muller extraordinaria que se adiantou ao pensamento feminista español do século XIX, como demostra a súa idea de que “a sociedade non pode en xustiza prohibir o exercicio honrado das súas facultades á metade do xénero humano”.

Formouse, reflexionou e traballou para liberar as mulleres da predestinación, da ignorancia e da dependencia. Desenvolveu uninxente labor intelectual e publicou preto de corenta libros, nos que criticou duramente a sociedade do seu tempo. Foi precursora na vindicación da capacidade intelectual das mulleres e o dereito a recibiren a mesma educación ca os varóns. Desde ben nova dicía que “ser muler non significa ser parva” e quería cursar estudos superiores, algo inaudito nunha muler daquela época. Contra a opinión da súa familia, comezou a asistir á universidade aos 21 anos, vestida coma un home porque as mulleres tiñan prohibido ser universitarias. Escritora en xornais e fixo poesía, teatro, zarzuela, novela e ensaio. Entre moitas outras obras publicou *Cartas a los delincuentes* (1865), *El reo, el pueblo y el verdugo o la ejecución de la pena de muerte* (1867) ou *La mujer del porvenir*, un libro en que definía como debía ser a muller do futuro.

Valorada polo seu pensamento progresista e liberal, en 1864 foi nomeada visitadora de prisións de mulleres e, en 1868, inspectora de casas de corrección de mulleres. Concepción Arenal consideraba que a educación e a instrucción das mulleres era fundamental pois “mentres a muller non ten outra carreira máis aló do matrimonio, os homes aprenden un oficio e as mulleres non”. Instrución que a muller debía procurar, pois ela denunciaba que os homes da súa época tiñan “inclinacions de sultáns, reminiscencias de salvaxes e pretensions de sacerdotes”. Tamén criticaba ao clero porque “en xeral, é moi ignorante, non querer á muller instruída, é mellor auxiliar, mantela na ignorancia”. O seu pensamento máis coñecido está vixente hoxe en día: “odia o delito e compadece o delincuente”, no que resume a súa percepción dos delincuentes como resultado dunha sociedade reprimida e represora, na que sempre se puxo á beira dos e das más débiles.

A película *Concepción Arenal, a visitadora de cárceres* conta o que viu e como o viviu, mentres fixo ese traballo. Daquela, áinda se executaba os reos na rúa e os cárceres eran lugares repudiados, onde as persoas internas non tiñan dereitos nin respecto.

Programa

15:30 horas Sáutio e presentación	CELIA PEREIRA PORTO Doutora en Dereito (2000), Premio Extraordinario de Licenciatura (1994). Investigadora e docente da UDC até 2005. Desde esa data exerce como avogada laboralista. Membro da Sección de Pensamiento do Consello da Cultura Galega e secretaria da Fundación Vicente Risco. Autora de diversos traballos e publicacíons sobre a igualdade entre homes e mulleres, Clara Campoamor e Concepción Arenal.
16:00 horas Proxección do filme <i>Concepción Arenal, a visitadora de cárceres</i>	MABEL RIVERA Actriz de enorme experiencia teatral. Iniciouse no teatro nos anos setenta e unha década despois empezo a traballar como profesional nos primeiros elencos do Centro Dramático Galego. É moi coñecida por ser a protagonista da comedia de maior éxito da TVG, <i>Pratos combinados</i> , onde interpretou o personaxe de Balbina, até que o recoñecemento a nivel estatal lle chegou de man da oscarizada película <i>Mar adentro</i> , dirixida por Alejandro Amenábar e que lle valeu o Premio Goya á mellor actriz de reparto, o Premio Sant Jordi de Cinematografía á mellor actriz española e outra extensa lista de reconocementos, así como excelentes críticas. En 2012 recibiu o Mestre Mateo polo seu papel de Juana de Vega en <i>Concepción Arenal, a visitadora de prisións</i> .
18:45 horas Remate do acto	ISABEL NAVIERA Actriz cunha ampla experiencia, participou en numerosas series televisivas con grande éxito de público como <i>Mareas vivas</i> (1998-2000), <i>Rías Baixas</i> (2004), <i>Matalobos</i> (2009-2012), <i>Serranoura</i> (2014-2018), <i>Fariña</i> (2018), <i>Las chicas del cable</i> (2018) ou <i>Néboa</i> (2020), actualmente en emisión en Televisión Española. Traballou, ademais, en cine e tv movies en títulos como <i>El lápiz del carpintero</i> (2003), <i>18 Comidas</i> (2010), <i>Encallados</i> (2013), <i>O bosque de levadas</i> (2006) ou <i>Concepción Arenal, a visitadora de cárceres</i> (2014), entre outros.